## IES Pedra da Auga - Ponteareas - Pontevedra

# Programación didáctica do departamento de FRANCÉS (590010)

## CURSO 2022-2023

# ÍNDICE

0.- NORMATIVA DE APLICACIÓN: ....... 4
1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....... 5
2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ....... 6
3.-CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS....... 8
    3.1.- ETAPA ESO....... 8
    3.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO....... 17
4.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO ....... 22
    4.1.- ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA....... 22
    4.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO....... 27
5.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR AVALIABLE DE: TEMPORIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE POR ESTÁNDAR. ....... 31
    5.1.- ETAPA ESO....... 31
    5.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO....... 49
6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA DE FRANCÉS ....... 63
7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS....... 65
    7.1.- ETAPA ESO....... 65
    7.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO....... 65
8.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ....... 66
    8.1.- ETAPA ESO....... 66
    8.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO....... 69
9.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE ....... 70
10.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES....... 74
11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS ....... 75
12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ....... 77
13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO ....... 78
14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....... 81
    14.1.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ....... 81
    14.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ....... 81

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA ........ 83

**0.- NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

Esta programación está baseada nas instrucións dadas polo Servizo Territorial de Inspección Educativa e fundaméntase na seguinte normativa de aplicación:

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* 29/07/2015) no seu artigo 13.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* 29/06/2015).

ORDE ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (*BOE* 29/01/2015).

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* 29/07/2015).

# 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Pedra da Auga (36014520) é un centro de educación secundaria situado na rúa Feliciano Barrera S/N de Ponteareas na provincia de Pontevedra. Trátase dun centro vilego, aínda que recibe tamén alumnado do rural. Os estudos que se imparten no centro son: ESO, bacharelato ("Ciencias" e "Humanidades e Ciencias Sociais") e ciclos formativos de grao medio (Instalacións eléctricas e automáticas; Xestión administrativa e Electromecánica de vehículos automóbiles) de grao superior (Administración e finanzas) e Formación Profesional Básica (Servizos administrativos e Electricidade e electrónica) este ano non temos grupos de PMAR nin en 2º nin en 3º da ESO.

A distribución das materias este ano académico (2022-2023) no departamento de francés vai ser a seguinte:

1º ESO: dous grupos de francés 2ª lingua estranxeira.
2º ESO: dous grupos de francés 2ª lingua estranxeira.
3º ESO: un grupo de francés 2ª lingua estranxeira.
4º ESO: un grupo de francés 2ª lingua estranxeira.
1º Bacharelato: un grupo de francés 2ª lingua estranxeira e un grupo de 1ª lingua estranxeira.
2º Bacharelato: un grupo de francés 2ª lingua estranxeira.

O profesorado que imparte docencia e os grupos asignados son os seguintes: Tamara Varela Vila (xefa de departamento e profesora en prácticas con afín lingua castelá e literatura) e Juan Bautista Martínez González (profesor de francés con destino definitivo e secretario do centro educativo).

| | | Asignación de grupos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Totais grupos | 1º CICLO ESO | | | 2º CICLO ESO | BACHARELATO | |
| | | 1º ESO | 2º ESO | 3º ESO | 4º ESO | 1º BAC | 2º BAC |
| **Tamara Varela Vila** | 6 (4 niveis ) + XD 1 hora | 4 horas A e B | 4 horas A e B | 3 horas A/B | 3 horas A/B | | |
| **Juan Bautista Martínez González** | 3 (2 niveis) | | | | | 3 horas A/B 1ª ling.<br>4 horas A/B 2ª ling. | 3 horas A/B 2ª ling. |

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Indicamos que a distribución de competencias por estándar está reflectida no punto 5 da programación.

| COMPETENCIAS CLAVE | ACTIVIDADES QUE CONTRIBÚEN AO DESENVOLVEMENTO DAS CC |
|---|---|
| A área de Lingua francesa contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **Comunicación lingüística (CCL)** que se exercita de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade. | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas. |
| Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua francesa garda unha relación moi estreita con outras competencias clave: | |
| **Competencia para aprender a aprender (CAA)**<br>A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe.<br>Sinalar que no desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente. | As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:<br>- Lectura comprensiva<br>- Conversación reflexiva<br>- Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas<br>- Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios<br>- Exposicións e conclusións sobre tarefas académicas<br>- Interese pola autocorrección<br>- Capacidade de auto e coavaliación |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**<br>A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións.<br>Indicar que dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, así como á súa capacidade para traballar en equipo, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula | Actividades para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:<br>- Obradoiros de escrita<br>- Lectura dramatizada de obras literarias<br>- Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal)<br>- Uso das TIC<br>- Uso da Biblioteca (Augateca) |
| **Competencia dixital (CD)**<br>A área de Lingua francesa debe contribuír á | - Uso de dicionarios dixitais<br>- Uso de correctores ortográficos |

| COMPETENCIAS CLAVE | ACTIVIDADES QUE CONTRIBÚEN AO DESENVOLVEMENTO DAS CC |
|---|---|
| exercitación da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que preparar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas. | - Uso de enciclopedias virtuais<br>- Uso de xornais dixitais<br>- Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información. |
| **Competencias sociais e cívicas (CSC)**<br>Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese traballar en Lingua francesa esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia. | - Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).<br>- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a.<br>- Capacidade de diálogo.<br>- Conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto pola quenda de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro. |
| **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**<br>Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada de se relacionaren as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... | - Visita a museos<br>- Asistencia a representacións teatrais<br>- Proxeccións de filmes e documentais na Sala de Audiovisuais<br>- Saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais.<br>- Lectura na aula de textos literarios. |
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**<br>A lingua non se aprende só para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. | - Lectura de mapas<br>- Comentario de gráficas<br>- Interpretación de estatísticas<br>- Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de Sociolingüística e Historia da Lingua. |

## 3.-CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### 3.1.- ETAPA ESO

### 3.1.1.- 1º CICLO3.1.1.1.- 2º CURSO DE ESO

| FRANCÉS – ESO- 2º curso. Segunda lingua estranxeira | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Competencia clave** |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | |
| SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |

| | |
|---|---|
| Bloque 2. Produción de textos orais | |
| SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| Bloque 3. Comprensión de textos escritos | |
| SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CCL<br>CD |

| | |
|---|---|
| | CAA<br>CSIEE |
| SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 4. Produción de textos escritos** | |
| SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |

| | |
|---|---|
| SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe** | |
| SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | CCL<br>CAA<br>CCEC |

### 3.1.2.- 2º CICLO

#### 3.1.2.1.- 4º CURSO DE ESO

| FRANCÉS – ESO- 4º curso. Segunda lingua estranxeira | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Competencia clave** |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | |
| SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | CCL<br>CAA |

| | |
|---|---|
| | CSC<br>CCEC |
| SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 2. Produción de textos orais** | |
| SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | |
|---|---|
| | CCEC<br>CD |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | |
| SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | |
|---|---|
| | CD |
| **Bloque 4. Produción de textos escritos** | |
| SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe** | |
| SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CD<br>CAA |

| | |
|---|---|
| | CCEC |
| SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE |
| SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

## 3.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO

### 3.2.1.-. Segundo curso de bacharelato

| FRANCÉS – Bacharelato - 2º curso. Segunda lingua estranxeira | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Competencia clave** |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | |
| SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura | CCL<br>CAA |

| | |
|---|---|
| ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito. | CSC<br>CCEC |
| SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 2. Produción de textos orais** | |
| SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de óintes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | |
|---|---|
| pero correcta e adecuada ao contexto. | CCEC |
| SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | |
| SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.) | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). | CCL<br>CD |
| SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. | CCL<br>CCEC<br>CAA<br>CSC |
| SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL<br>CD<br>CAA |

| | |
|---|---|
| SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | CCL<br>CCEC<br>CD |
| SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses | CCL<br>CD<br>CSC<br>CAA |
| **Bloque 4. Produción de textos escritos** | |
| SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | CCL<br>CD<br>CSC |
| SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. | CCL<br>CD<br>CAA |
| SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias. | CCL<br>CD<br>CAA |
| SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. | CCL<br>CCEC<br>CD<br>CSC |
| SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | CCL<br>CSC<br>CD |

| Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | |
|---|---|
| SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CCEC<br>CSC<br>CAA |
| SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CCSC<br>CCEC |
| SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia. | CCL<br>CCSC<br>CAA |

## 4.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

### 4.1.- ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* núm. 120, luns, 29 de xuño de 2015) establece no artigo 10 que a educación secundaria obrigatoria debe contribuír a desenvolver nos alumnos e alumnas capacidades que lles permitan:

| **OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG Nº 120 (29-06-2015)** | **CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE FRANCÉS, PRIMEIRA E SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **CURSOS 1º CICLO DA ESO** | | | **4º ES0** |
| | **1º ESO** | **2º ESO** | **3º ESO** | |
| a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. | a) Comezar a asumir responsablemente os seus deberes, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural. | a)Asumir responsabelmente os seus deberes, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural. | a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. | a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición | b) Empezar a desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo... | b)Desenvolver hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo... | b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo... | b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición |

| OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG Nº 120 (29-06-2015) | CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE FRANCÉS, PRIMEIRA E SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA | | | |
|---|---|---|---|---|
| | CURSOS 1º CICLO DA ESO | | | 4º ES0 |
| | 1º ESO | 2º ESO | 3º ESO | |
| necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal | | | | necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal |
| **Traballo persoal**: | **40 %** da nota |

**Probas escritas**: 50 % da nota (**dúas probas** por avaliación)

**Probas orais**: 10 % da nota (**controis orais** ao longo da avaliación sobre os contidos impartidos)

**Traballo diario**: 40 % da nota. Os profesores valorarán o esforzo realizado diariamente e controlado a través dos instrumentos de avaliación (actividades de clase, traballos individuais ou en grupo, tarefas de casa, caderno de actividades, caderno de clase) e a actitude (interese, atención, puntualidade na presentación de traballos, orde e limpeza dos traballos e do caderno de clase, participación e colaboración nos traballos de grupo). As/os profesores levarán un rexistro diario anotando os días nos que os/as alumnos/as non fixeron as tarefas de casa ou as trouxeron incompletas. Tamén se comprobará en cada clase se os/as alumnos/as teñen o material. Con certa regularidade, recolleranse os cadernos de clase e os cadernos de actividades, dos que tamén se levará un rexistro.

O/a alumno/a deberá obter **como mínimo un 3/10 nas partes de probas e un 2/10 na parte de traballo diario para poder** para poder facer media. De non obter este mínimo, considerarase que non alcanzaron os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles e, polo tanto, non poderán obter un aprobado.

RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO DE CLASE

| **RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO DE CLASE** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome | | | Curso | Data | |
| **CATEGORÍA** | **INDICADORES** | | | | |
| **Presentación** | Posúe identificación completa do alumno e da materia, letra lexible. Portada decorada. Presentación adecuada. Presenta o caderno na data indicada | Posúe identificación completa do alumno e da materia, letra lexible. Presenta o caderno na data indicada | Non posúe o nome correctamente sinalado; con letra lexible. Non se presenta na data correspondente | Caderno en pésimas condicións | |
| | 0,25 punto | 0,15 puntos | 0 puntos | 0 puntos | |
| **Orde** | Respecta sempre a estrutura e a orde dos contidos entregados na clase. | Respecta case sempre a estrutura e a orde dos contidos entregados na clase. | Non respecta a estrutura e a orde dos contidos entregados na clase. Presenta follas en branco ou con outros contidos | Non posúe orde ningunha | |
| | 0,25 punto | 0,15 puntos | 0,05 puntos | 0 puntos | |
| **Contido** | Posúe todos os contidos e todos os esquemas e/ou mapas conceptuais, resumos… entregados en clase | Posúe a meirande parte dos contidos e a maioría dos esquemas e/ou mapas conceptuais, resumos… entregados en clase | Posúe escasamente os contidos e esquemas e/ou mapas conceptuais, resumos… entregados en clase | Non ten apuntamentos non realizou ningún esquema nin mapas conceptuais ou resumos | |
| | 0,5 punto | 0,3 puntos | 0,15 puntos | 0 puntos | |
| | | | | TOTAL | |

## CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL E CUALIFICACIÓN FINAL

A nota de cada unha das tres avaliacións obterase aplicando as porcentaxes descritas anteriormente.

**A cualificación final da materia calcularase aplicando as seguintes porcentaxes:**

**Nota do 1º trimestre**: **20 %** da nota
**Nota do 2º trimestre:** **30 %** da nota
**Nota do 3º trimestre:** **50 %** da nota

Haberá **unha proba final de recuperación** para as/os alumnos coa 3ª avaliación suspensa ou cunha cualificación global insuficiente. Para aprobar cómpre obter un 5 (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5 e de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

## 8.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO
## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**-A avaliación será continua.** Todos os contidos impartidos durante o curso serán permanentemente avaliados ao longo do curso.

**2º de Bacharelato**

**Ao final de cada avaliación daráselle a cada alumno/a unha cualificación global**, que será o resultado da valoración conxunta das actividades realizadas. Calcularémola aplicando o seguinte reparto:

- **Probas orais**: **20 %** da nota
- **Probas escritas: 80 %** da nota

**Probas orais**: 20 % da nota

**- unha proba de expresión oral** ao final da avaliación: 10 % da nota

**- unha proba de comprensión oral**: 10 % da nota

**Probas escritas**: 80 % da nota (**dúas probas** por avaliación). Unha das dúas probas seguirá o modelo da proba da ABAU.

O alumno deberá obter **como mínimo un 4 en cada parte** para poder facer media.

## CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL E CUALIFICACIÓN FINAL

A nota de cada unha das tres avaliacións obterase aplicando as porcentaxes descritas anteriormente.

**A cualificación final da materia calcularase aplicando as seguintes porcentaxes:**

| | |
|---|---|
| **Nota do 1º trimestre**: | **20 %** da nota |
| **Nota do 2º trimestre:** | **30 %** da nota |
| **Nota do 3º trimestre:** | **40 %** da nota |
| **Traballo diario:** | **10 %** da nota |

No apartado de traballo valoraranse **as redaccións** sobre os diferentes temas tratados, que as/os alumnas/os teñen que entregar con regularidade durante todo o curso.

Haberá **unha proba final de recuperación** para as/os alumnos coa 3ª avaliación suspensa ou cunha cualificación global insuficiente. Para aprobar cómpre obter un 5 (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5 e de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

## 9.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso.

Para avalialo cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitiran observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente e ademais. Cómpre salientar que este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitiranos:

- Diagnosticar os puntos fortes e débiles. Coñecer o punto de partida do alumno, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación).
- Regular a aprendizaxe dos alumnos, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos… en función do desenvolvemento acadado polo alumno.
- Prever ou estimar os rendementos e desempeños dos alumnos.
- Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alumno.
- Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
- Introducir propostas de mellora.

Como instrumento para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe temos unha escala de valoración descritiva de carácter trimestral:

| O PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE | | |
|---|---|---|
| **INDICADORES DE LOGRO** | **VALORACIÓN** | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
| 1. Realízase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| 2. Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| 3. Revísanse, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| 4. Proporciónase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas. | | |
| 5. Corríxense e explícanse de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e danse pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| 6. Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| 7. Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| 8. Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | |
| 9. Propóñense novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | |
| 10. Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc. | | |
| 11. Empréganse diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

Tamén podiamos complementar a análise con este instrumento: unha escala numérica:

| O PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | Escala | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

Esta escala pode servirnos para coñecer como docentes a diversidade da aula antes do comezo das clases.

| ESCALA PARA AVALIAR A DIVERSIDADE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 = nunca; 2 = ás veces; 3 = normalmente; 4 = sempre | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1 | Que fago para coñecer a composición da clase | | | | |
| | Pasar unha proba ao comezo do curso escolar. | | | | |
| | Ler os informes anteriores. | | | | |
| | Ver os resultados da avaliación. | | | | |
| | Facilítama o Xefe ou a Xefa de Estudos. | | | | |
| | Facilítanma nas reunións de grupo. | | | | |
| | Consúltoa directamente no Xade | | | | |
| 2 | Teño ou teñen en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.. | | | | |
| 3 | A miña programación ten en conta a diversidade | | | | |
| 4 | Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa | | | | |
| | No grupo grande | | | | |
| | No grupo pequeno | | | | |
| | De forma individual | | | | |
| 5 | Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame | | | | |
| 6 | Teño en conta aos alumnos e alumnas que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo) | | | | |
| Observacións que considero importantes: | | | | | |

| ESCALA PARA AVALIAR A DIVERSIDADE |
|---|
| |

A práctica docente pode avaliarse ademais con estes indicadores de logro:

| A PRÁCTICA DOCENTE | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | Escala | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

E deixamos aquí estoutro instrumento para que os alumnos avalíen a practica docente. Unha escala de valoración numérica combinada con valoracións descritivas, de carácter trimestral:

| ESCALA PARA QUE O ALUMNADO AVALÍE A PRÁCTICA DOCENTE | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MATERIA: Trimestre CURSO: SEXO: Muller □ Home □ | | | | | | | | | | | |
| Valora de 0 a 9 | | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 1 | Pensas que domina a materia | | | | | | | | | | |
| 2 | É xusto nas cualificacións | | | | | | | | | | |
| 3 | Relaciona a materia con cuestións do teu interese | | | | | | | | | | |
| 4 | Dá oportunidade para presentar dúbidas | | | | | | | | | | |
| 5 | Favorece a participación na clase | | | | | | | | | | |
| 6 | Esperta a túa curiosidade | | | | | | | | | | |

| **ESCALA PARA QUE O ALUMNADO AVALÍE A PRÁCTICA DOCENTE** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MATERIA: Trimestre CURSO: SEXO: Muller □ Home □ | | | | | | | | | | | |
| Valora de 0 a 9 | | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 7 | Motívache a aprender | | | | | | | | | | |
| 8 | Parece interesado e ilusionado pola súa materia | | | | | | | | | | |
| 9 | Fomenta a colaboración entre os compañeiros | | | | | | | | | | |
| 10 | Cres que é un profesor con personalidade | | | | | | | | | | |
| 11 | Ten unha boa opinión do grupo | | | | | | | | | | |
| Que foi <u>o que máis</u> che gustou da avaliación? | | | | | | | | | | | |
| Que foi <u>o que menos</u> che gustou da avaliación? | | | | | | | | | | | |

NOTA BENE: Todos estes instrumentos son susceptibles de seren modificados.

## 10.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Aqueles alumnos que promocionaron ao curso seguinte pero non aprobaron Lingua francesa serán obxecto, ao longo do curso, dun seguimento levado a cabo polo profesor ou profesora do Departamento que imparta a materia no grupo-clase ao que pertence o alumno, que tamén valorará a súa actitude na aula, o esforzo por mellorar e o traballo diario.

Este seguimento farase mediante exercicios e/ou traballos programados polo seu profesor ou profesora. Entregaráselles aos alumnos pendentes unha serie de material fotocopiable con actividades de comprensión e expresión, exercicios de gramática, modelos de exame e referencias aos aspectos teóricos máis importantes, a fin de que poidan alcanzar os mínimos esixibles e superar a materia. Os exercicios e/ou traballos, para seren cualificados, deben presentarse nos prazos marcados polo profesorado correspondente; fóra de prazo consideraranse non presentados.

Estes alumnos deberán realizar as probas periódicas que fixa a Xefatura de estudos. En caso de superaren a primeira proba, non terán que presentarse á segunda. Así mesmo, na convocatoria extraordinaria de setembro teñen dereito a unha proba na que se examinarán dos contidos mínimos do curso correspondente e na que deben alcanzar un mínimo de 5 puntos.

## 11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba ou unha observación sistemática na aula para a avaliación inicial, co obxectivo de verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e para detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Asemade, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado de cada curso, a unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación 0, isto é: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas.

| AVALIACIÓN INICIAL DEPARTAMENTO LINGUA FRANCESA | | |
|---|---|---|
| **PROCEDEMENTOS** | **INSTRUMENTOS** | **TEMPORIZACIÓN** |
| Observación sistemática | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Diario de clase | Desde o inicio do curso ata a reunión de avaliación cero |
| Probas específicas | Probas obxectivas con diferente grao de dificultade en función do curso | 1ª semana do curso |
| Cuestionarios | Con preguntas pechadas e abertas para coñecer os seus hábitos lingüísticos | Durante o primeiro trimestre |
| Cuestionarios | Con preguntas pechadas e abertas para coñecer hábitos, afeccións, potencialidades | Durante o primeiro trimestre |
| Análise dos resultados Avaliación CERO | Reunión co Departamento de Orientación. Avaliación, titor e grupo de profesores | No primeiro trimestre |
| Información ás familias | Reunión individual para os casos concretos e solicitar o seu consentimento | No primeiro trimestre |

Canto ao modelo desta avaliación inicial, no Departamento de Lingua francesa emprégase un tipo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados polo docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e acostuma constar, basicamente, de dúas partes:

- avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.
- preguntas sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: lingua, lingua e sociedade e literatura.

A avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridades no desenvolvemento do currículo.

Para coñecer máis en profundidade ao grupo clase e co obxectivo de planificar

actividades conxuntas, pasaremos dous modelos de cuestionarios en dous momentos ao longo do primeiro trimestre:

- Cuestionario A: cuestións de tipo máis persoal que axuden a descubrir as potencialidades do alumnado: as súas calidades, preferencias e afeccións para telas en conta á hora de deseñar actividades, lecturas, traballos, etc.
- Cuestionario B: breve cuestionario sobre o uso da lingua francesa en diferentes ámbitos: familiar, educativo, etc.

Esta última parte pode demorarse máis no tempo, pois é unha información máis variada que se irá completando durante todo o primeiro trimestre

## 12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cómpre sinalar que neste apartado non indicaremos se existe ou non algunha adaptación curricular na aula ou se algún alumno precisa de apoio, xa que son datos confidenciais e as programacións didácticas teñen que ser públicas. Así pois aquí establecerase de que xeito se atenderá a diversidade na aula, entendendo como tal non só alumnado con NEAE (*Necesidades Específicas de Apoio Educativo)* ou NEE (*Necesidades Educativas Especiais)* senón o feito de atender a cada alumno segundo as súas características persoais.

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. *(Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).*
- Saber as medidas organizativas a adoptar. *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente, co titor ou titora e coa orientadora do centro.

## 13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Segundo o establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

Comprensión lectora.
Expresión oral e escrita.
Comunicación audiovisual.
Tecnoloxías da información e da comunicación.
Emprendemento.
Educación cívica e constitucional.

Deste xeito ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corrixirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, gocen dos mesmos dereitos
- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais
- Gozar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de

comunicación

- Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais

Como actividades para abordar na ESO os distintos temas transversais propoñemos as seguintes:

| PROPOSTAS ACTIVIDADES PARA A ETAPA DA ESO | | |
|---|---|---|
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **ACTIVIDADES** | **OBXECTIVOS** |
| **Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua** | Deseño e realización dunha tarefa arredor do 25 de novembro Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller e do 8 de marzo día internacional da muller | Procurar a igualdade real entre homes e mulleres<br>Detectar os micromachismos para poder loitar contra eles.<br>Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos. |
| **Educación para a igualdade e a paz.** | Actividades para o día 30 de xaneiro, día escolar da non violencia e a paz<br>1. Lectura de textos que provoquen reflexión e debate arredor da solución de conflitos<br>2. Proxección de curtametraxes sobre a igualdade | Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística, provocan conflitos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica. |
| **Educación na sexualidade e na saúde** | Lectura de textos e proxección de curtametraxes arredor do tema | Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais. |
| **Educación ambiental** | Proxección de filmes.<br>Lectura dunha selección de fragmentos xornalísticos sobre o cambio climático | Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente. |
| **Educación viaria** | Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas. | Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais. |
| **Educación multicultural** | Proxeccións e/ou debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo, con especial atención aos da lusofonía. | Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto. |

Para o bacharelato propoñemos estoutras:

| PROPOSTAS ACTIVIDADES PARA OS ESTUDOS DE BACHARELATO | | |
|---|---|---|
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **ACTIVIDADES** | **OBXECTIVOS** |
| **Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua** | Deseño e realización dunha tarefa arredor do 25 de novembro Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller e do 8 de marzo día internacional da muller<br>Comentario de textos en francés | Procurar a igualdade real entre homes e mulleres<br>Detectar os micromachismos para poder loitar contra eles.<br>Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos. |

| PROPOSTAS ACTIVIDADES PARA OS ESTUDOS DE BACHARELATO | | |
|---|---|---|
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **ACTIVIDADES** | **OBXECTIVOS** |
| **Educación para a igualdade e a paz.** | Actividades para o día 30 de xaneiro, día escolar da non violencia e a paz documental sobre Gandhi en francés. | Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística, provocan conflitos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica. |
| **Educación na sexualidade e na saúde** | 1. traballos de textos en francés<br>2. Proxección de películas | Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais. |
| **Educación ambiental** | 1. Lectura de *textos.*<br>2. documentais. | Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente. |
| **Educación viaria** | Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas. | Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais. |
| **Educación multicultural** | Proxeccións e debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo | Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto. |
| NOTA BENE: Un recurso interesante está no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade http://www.fondogalego.org/web/book/export/html/883 | | |

## 14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Cando se planifiquen actividades extraescolares cómpre recordar que o profesorado participante nas mesmas, na medida do posible, debe impartir docencia nos cursos que participen, por dúas razóns: non desatender o seu traballo e poder controlar mellor ao alumnado polo grao de coñecemento do mesmo. Aínda que por necesidades especiais, escolleranse os profesores que máis se adapten ás circunstancias.

### 14.1.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións da lingua que está estudando o alumnado. No primeiro ciclo de ESO céntranse no coñecemento do francés e en aspectos característicos da súa cultura. No segundo ciclo de ESO céntranse por riba de todo na lingua, na súa dinamización e normalización.

### 14.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O alumnado de 4º de ESO realizará un intercambio cun instituto francés, mentres que o alumnado de 2.º de Bacharelato viaxará a Francia. Do mesmo xeito, levaranse a cabo outras actividades no centro de cara a favorecer a inmersión lingüística do alumnado, como contacontos, conferencias e teatro.

**ESCALA PARA AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES**

| ESCALA DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ACTIVIDADE: | | | | | | |
| Data de realización: | | | | Data avaliación | | |
| Avaliación realizada por: | | | | | | |
| INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | OBSERVACIÓNS |
| 1.- É compatible cos obxectivos de noso P.E.C. | | | | | | |
| 2.- Valore o nivel de conexión entre esta actividade e os obxectivos da programación docente. | | | | | | |
| 3.- Axuda a conseguir os contidos programados . | | | | | | |
| 4.- Valore o nivel de influencia no desenvolvemento de competencias básicas. | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5.- Tivéronse en conta os diferentes aspectos do alumnado e atende á diversidade. | | | | | | |
| 6.- Valore o nivel de participación dos alumnos. | | | | | | |
| 7.- Permitiu a colaboración doutros membros da comunidade educativa. | | | | | | |
| 8.- Valore o nivel de influencia na aula desta actividade. | | | | | | |
| 9.- Valore a relación entre o tempo/ esforzo empregado nesta actividade e os resultados obtidos. | | | | | | |
| 10.- Valore a relación entre os resultados obtidos e os recursos empregados. | | | | | | |
| 11.- Valoración global da actividade. | | | | | | |
| 12.- Volvería facer esta actividade | | | | | | |
| Observacións: | | | | | | |

## 15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A axeitada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha mellora do traballo nas aulas. Con todo, debemos ter en conta que metodoloxías, materiais, recursos ou actividades que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte. Para minimizar estes inconvenientes debemos contar cun amplo repertorio de recursos e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

**Modelo de avaliación da programación didáctica**

| Docente: | | Curso e grupo: | |
|---|---|---|---|

| | Puntos fortes da programación | Puntos fracos da programación | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|---|---|---|---|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | | | |
| Desenvolvemento das actividades programadas | | | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | | | |
| Funcionamento dos procedementos de avaliación | | | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | | | |

| | Puntos fortes da programación | Puntos fracos da programación | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|---|---|---|---|
| Eficacia das medidas de recuperación | | | | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | | | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa | | | | |
| Dinámica do grupo | | | | |
| Participación en actividades extraescolares e complementarias | | | | |
| Medidas de atención á diversidade | | | | |
| Favorecemento da multidisciplinariedade | | | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de linguas | | | | |
| Factores que favoreceron o cumprimento da programación | | | | |
| Causas de non cumprimento da programación | | | | |

**Escala para avaliar a programación didáctica:**

| **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES DE LOGRO** | Escala | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da Temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a Temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |

| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **INDICADORES DE LOGRO** | Escala | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato]. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |
| Observacións: | | | | |